

# En 1993 o Camiño Francés en España é declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO



Albergue para peregrinos de Ribadiso, Arzúa



O Camiño Francés polas terras de Navarra.  
Fotografía de Román Pereiro



O Pelegrín, realizado polo deseñador Luís Carballo, mascota oficial do Ano Santo 1993, que acadou unha gran popularidade

A data de 1993 é clave na evolución do fenómeno xacobeo, vencellado xa de xeito indisoluble aos Anos Santos. Neste ano cristaliza a aposta do Goberno autonómico e das administracións públicas pola revitalización do fenómeno, cunha campaña propagandística sen precedentes, que cobre diversos campos, como exposicións, encontros científicos, subvencións para a celebración de eventos e actos culturais e para a creación e modificación de infraestruturas.

Créase mesmo unha marca, "Xacobeo 93", que será adaptada en anos seguintes e, a nivel internacional, o Camiño Francés en España é declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. A mesma tendencia prolongouse durante o Ano Santo de 1999, que promocionou os investimentos sobre os Camiños secundarios a Compostela.

Estes dous Anos Santos, esenciais na revitalización do fenómeno cultural a finais do século XX, conseguen recuperar a afluencia de millóns de peregrinos e turistas, e devolver á cidade a vitalidade propia dos seus antigos tempos de esplendor.

Nesta mesma liña, o Xacobeo 2004 e o actual de 2010 continúan o proceso no nacente século XXI, identificando de xeito crecente o fenómeno xacobeo coa realidade de Galicia.

O Camiño na baixada a Valcarlos, nos Pireneos.  
Foto Manuel G. Vicente



Acto de presentación a Xoán Carlos I do proxecto Xacobeo 1993. Na parte superior, de esquerda a dereita: Xosé de Cora, Xerardo Estévez, Carlos Otero Díaz, Antonio Ramilo e Xosé Filgueira Valverde; abaixo: Víctor M. Vázquez Portomeñe, o arcebispo Rouco Varela, Manuel Fraga, Victorino Núñez e Domingo García-Sabell



Lousa conmemorativa da concesión do Premio Príncipe de Asturias á Concordia o 7 de setembro de 2004, na Praza do Obradoiro

## A revitalización do fenómeno cultural: exposicións e apoio institucional